



COLEGIO SAN JOSÉ DE  
**CLUNY**

## **PLAN DIXITAL DE CENTRO**

**(Aprobado polo Consello escolar  
o 8 de xullo de 2022)**

## Índice do Plan Dixital

|   |    |
|---|----|
| 1. Introducción.....  | 3  |
| 1.1. Datos básicos do centro.....   | 3  |
| 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro..... | 3  |
| 1.3. Breve xustificación do mesmo.....  | 4  |
| 1.4. Proceso de elaboración .....   | 4  |
| 2. Situación de partida .....   | 5  |
| 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais .....  | 5  |
| 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....   | 6  |
| 2.3. Análise DAFO .....   | 8  |
| 3. Plan de Acción.....  | 9  |
| 3.1. Obxectivos, indicadores e accións .....  | 10 |
| 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....                              | 11 |
| 4. Avaliación do plan .....   | 18 |
| 5. Difusión do plan.....  | 18 |

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Denominación: Fundación educativa San José de Cluny, Santiago de Compostela.

Enderezo: r/ A Rosa 13 15701, Santiago de Compostela.

Páxina web: <https://clunysantiago.es/>

É un centro privado concertado plurilingüe que conta con 26 unidades: 6 en infantil, 12 en primaria e 8 de ESO.

Actualmente conta con 45 profesores e 643 alumnos.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Trátase dun centro privado concertado e atópase na zona do ensanche compostelano, o nivel sociocultural económico das familias e medio alto. Progresivamente vanse incorporando ao centro alumnos procedentes doutros países e culturas.

Ten como obxectivo formar aos alumnos e alumnas de maneira integral, e ten presente que as tecnoloxías da información, comunicación e coñecemento inciden de forma cada vez máis determinante na vida das personas, producindo transformacións na sociedade das que é imposible mantense á marxe.

O presente plan forma parte do Proxecto Educativo de centro e está aliñado co eixo estratéxico de innovación que se está a desenvolver seguindo o plan estratéxico institucional.

Ten como obxectivos:

- Facer unha análise real da situación do centro con respecto a infraestrutura e o nivel de competencia dixital da comunidade educativa.
- Planificar unha estratexia dixital de centro a través do Plan que implica a toda a comunidade educativa.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado.
- Fomentar o uso responsable e seguro da tecnoloxía, respectando a privacidade e os dereitos de autor, así como tomando medidas para garantir a integridade da información.
- Reducir a fenda dixital do alumnado.
- Impulsar proxectos de innovación educativa.

Como documento do centro formará parte da programación Xeral do vindeiro curso

2022/23.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

En xullo de 2021 o patronato da fundación educativa San José de Cluny aprobou o proxecto marco para a elaboración do Plan dixital dos centros da institución, en resposta ao lanzamento do Plan de Acción de Educación Digital (2021-2027) pola Comisión Europea. Dito plan plantea unha educación dixital de alta calidade, inclusiva e accesible en Europa, cuxo desenvolvemento é urxente nunha sociedade na que a competencia dixital é crucial para acceder a información e aos servizos.

O novo plan de acción ten dúas prioridades estratéxicas.

- Fomentar o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento.
- Perfeccionar competencias e capacidades dixitais para a transformación dixital.

A normativa nacional e autonómica dita instrucións para a elaboración do plan:

- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así o artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro.
- A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional, sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital segundo as instrucións que se diten.
- A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional recolle instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes para o curso 2021-2022.

### 1.4. Proceso de elaboración

En xullo de 2021 recibíuse o proxecto marco da institución que recolle unha análise da realidade dixital dos centros Cluny e da contorna e uns obxectivos comúns para todos os centros da institución.

Seguindo as instrucións da Resolución do 3 de setembro de 2021 da secretaria xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan dixital nos centros docentes, constituíuse o equipo, no mes de setembro, para a elaboración de dito plan, formado por 3 persoas entre as que se elixiu un coordinador.

Recibíuse formación dun asesor de ADIX que presentou o plan e a ferramenta SELFIE.

Decembro: realización da enquisa Selfie por parte dos alumnos e dos docentes.

Febreiro: realización do test CDD.

Marzo: Análise dos resultados, elaboración do Dafo: oportunidades e riscos.

Maio/xuño: elaboración do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### Infraestrutura

O centro conta con cabreado de banda ancha en todo o centro e 3 puntos wifi.

Un switch central situado no pavillón de ESO.

#### Equipamento

- **AULAS**

- 26 aulas con ordenador con conexión a internet por cable, canón, encerado dixital e alto- falantes.
- Biblioteca: ordenador de sobremesa, canón e encerado dixital, mesa de radio
- Informática: 16 ordenadores de sobremesa.
- Aula de formación: ordenador de sobremesa, canón e encerado dixital.

- **OFICINAS E DESPACHOS**

- Equipo directivo: 3 despachos, cada un con ordenador e impresora
- Orientación con ordenador e impresora
- Despacho Pt/AL con un equipo
- Administración: equipo e impresora. Sistema NAS para realizar copias de seguridade (equipo directivo, administración e secretaría)
- Secretaría: ordenador e dúas fotocopiadoras láser, cámara de vídeo.
- Portería: portátil
- Coordinador de deportes: ordenador de sobremesa.

- **SALAS DE PROFESORES**

- 3 Salas de profesores: ordenador con conexión
- Aula de arquivos: dous equipos con conexión.

- **SALÓN DE ACTOS**

- Portátil, canón dixital

- **Outros dispositivos**

- 10 tablets para a actividade de robótica
- 4 chromebooks básicos

## Servizos dixitais educativos

- Plataforma dixital Educamos con paquete Office 365 para a xestión administrativa, comunicación e información ás familias
- Aplicación Teams (Onenote) para o ensino virtual.
- Páxina web <https://clunysantiago.es/> , Facebook,...

## Mantemento informático

O centro ten contratada a empresa Arcade para o mantemento da instalación informática que se leva a cabo semanalmente, durante todo o ano.

En resumo, o centro dispón dos recursos básicos informáticos e de conexión en todo o edificio. Porén algunhas zoas de wifi presentan por momentos, dificultades de conexión, que se poderían subsanar con repetidores.

É aconsellable cambiar o switch e instalalo nun espazo máis amplo e aireado.

Tamén é necesario establecer un procedemento de coidado e mantemento do material tecnolóxico.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

| Areas                                   | Grupos         | Ensinanzas |          |     |
|---|----------------|------------|----------|-----|
|   |                | Infantil   | Primaria | ESO |
| A -Liderado                             | Equipo Direct. | 3,2        | 3,2      | 3,2 |
|   | Profesorado    | 3          | 3        | 2,6 |
|   | Alumnado       |            |          |     |
| B- Colaboración e redes                 | Equipo Direct. | 3,2        | 3,2      | 3,2 |
|   | Profesorado    | 3,2        | 3,2      | 2,7 |
|   | Alumnado       | 3,4        | 3,4      |     |
| C- Infraestruturas e Equipos            | Equipo Direct. | 3,6        | 3,6      | 3,4 |
|   | Profesorado    | 3,6        | 3,6      | 3,2 |
|   | Alumnado       |            |          |     |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 3,2        | 3,2      | 3,2 |
|   | Profesorado    | 3          | 3        | 2,7 |
|   | Alumnado       |            |          |     |
| E- Pedagogía:<br>Apoio e Recursos       | Equipo Direct. | 3,8        | 3,8      | 3,5 |
|   | Profesorado    | 3,8        | 3,8      | 3,8 |
|   | Alumnado       |            |          |     |
| F- Pedagogía:<br>Implementación na aula | Equipo Direct. | 2,8        | 2,8      | 3,1 |
|   | Profesorado    | 3,1        | 3,1      | 3,1 |
|   | Alumnado       |            |          |     |
| G- Prácticas de avaliación              | Equipo Direct. | 2,3        | 2,3      | 2,6 |

| Áreas                                | Grupos         | Ensinanzas |          |     |
|--------------------------------------|----------------|------------|----------|-----|
|                                      |                | Infantil   | Primaria | ESO |
|                                      | Profesorado    | 2,5        | 2,5      | 2,6 |
|                                      | Alumnado       |            |          |     |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 3,3        | 3,3      | 3,3 |
|                                      | Profesorado    | 3,4        | 3,4      | 2,9 |
|                                      | Alumnado       |            |          |     |

## Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

|                            | Nº profesorado que participa | Nº profesorado total | % de participación |
|----------------------------|------------------------------|----------------------|--------------------|
| LS1 - SUBSTITUTO           | 1                            | 4                    | 25%                |
| L01 - LABORAL              | 31                           | 40                   | 77,5%              |
| L03 - AUTÓNOMOS RELIXIOSOS | 1                            | 2                    | 50%                |

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 79,9                                 | Integrador/a (B1)    | 76,4  | Integrador/a (B1)               |

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

|      | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| INF. | 67,2                                 | Integrador/a (B1)    | 68,2  | Integrador/a (B1)               |
| PRIM | 84,4                                 | Integrador/a (B1)    | 77  | Integrador/a (B1)               |
| ESO  | 79,2                                 | Integrador/a (B1)    | 79,2  | Integrador/a (B1)               |

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

|  | Total profesorado no nivel de | % de profesorado participante |
|--|-------------------------------|-------------------------------|
|  |                               |                               |

|                   | competencia | neste nivel |
|-------------------|-------------|-------------|
| Explorador/a (A2) | 11          | 33,3%       |
| Integrador/a (B1) | 16          | 48,5%       |
| Experto/a (B2)    | 2           | 6,1%        |
| Líder (C1)        | 3           | 9,1%        |
| Pioneiro/a (C2)   | 1           | 3%          |
| TOTAL             | 33          | 100 %       |

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, como o coñecemento do funcionamento interno do colexio; o centro xerou unha análise DAFO que permite tomar conciencia da súa realidade no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.\* Ver anexo I

| INTERNOS   |                             | FORTALEZAS  | DEBILIDADES   |
|------------|-----------------------------|---|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | C1 A infraestrutura<br>C2 Dispositivos dixitais para o ensino<br>C3 Hai acceso a internet<br>C5 Asistencia Técnica<br>C7 Protección de datos  | C8 Non hai dispositivos dixitais no centro que o alumnado pode usar cando os necesita   |
|            | PERSOAL DOCENTE             | A3 Novas modalidades de ensino.<br>B2 Debate sobre o uso da tecnoloxía.<br>B3 Colaboracións.<br>D1 Necesidades de DPC (Desarrollo profesional continuo)<br>D2 Participación no DPC.<br>D3 Intercambio de experiencias.<br>E1. Recursos educativos.<br>E4. Comunicación con la comunidad educativa.<br>F1 Adaptación ás necesidades do alumnado.<br>F3 Fomento da creatividade.<br>F4 Inclusión do alumnado.<br>F5 Colaboración do alumnado. | B1. Avaliación do progreso.<br>E2. Recursos educativos en liña.<br>E3. Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe.<br>F6. Proxectos interdisciplinares.<br>G1. Avaliación das capacidades.<br>G3. Retroalimentación axeitada.<br>G5. Autoreflexión sobre o aprendizaxe. |
|            | PERSOAL NON DOCENTE         | D3. Intercambio de experiencias.<br>E1. Recursos educativos.<br>F4 Inclusión do alumnado.<br>F5 Colaboración do alumnado.   | E2. Recursos educativos en liña.  |
|            | ALUMNADO                    | H1. Comportamento seguro.<br>H3. Comportamento responsable.<br>H4. Verificar a calidade da información<br>H6. Otorgar o recoñecemento ó traballo dos demais.  | H7. Creación de contidos dixitais.  |



| INTERNOS |                               | FORTALEZAS  | DEBILIDADES   |
|----------|-------------------------------|---|---|
|          |                               | H8. Aprender a comunicarse.                                 |   |
|          | <b>FAMILIAS</b>               |   | C13 OP Traer el propio dispositivo.   |
|          | <b>OFERTA</b>                 | A3. Novas modalidades de ensino.                            |   |
|          | <b>ORGANIZACIÓN DE CENTRO</b> | A3. Novas modalidades de ensino.<br>C5. Hai soporte técnico | A1. Estratexia dixital.<br>A2. Desenvolvemento da estratexia co profesorado.<br>B1. Avaliación do progreso. |

| EXTERNOS          |                                 | OPORTUNIDADES  | AMEAZAS   |
|-------------------|---------------------------------|--|---|
| <b>CATEGORÍAS</b> | <b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b> | C1 A infraestrutura respalda a E/A con tecnoloxía dixital<br>C2 Hai dispositivos dixitais para usar na ensinanza<br>C3 Hai acceso a internet<br>C5 Hai soporte técnico |   |
|                   | <b>LEXISLACIÓN</b>              | C7. Protección de datos  | A5 OP Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso. |
|                   | <b>ANPA</b>                     |  |   |
|                   | <b>CONTORNA</b>                 | C11 OP FRACTURA DIXITAL: medidas para identificar dificultades<br>C12 OP: FRACTURA DIXITAL: apoio para abordar dificultades.   |   |
|                   | <b>OUTRAS ENTIDADES</b>         | B3. Colaboracións<br>A6. Participación das empresas na estratexia.<br>B4.OP Sinerxias para o ensino e o aprendizaxe a distancia.                                       |   |

### 3. Plan de Acción

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo estarán supeditadas ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE, Test CDD, DAFO e á análise dos recursos, tanto materiais como humanos, dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, a conectividade, as plataformas e servizos dixitais e o mantemento necesario, entre outros). Partindo deste mapa de diagnóstico integral, fixéronse os obxectivos neste plan que serán revisados cada ano.

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos que persegue o plan e que vertebran as accións a desenvolver, están baseados nos resultados que achegou a realización da ferramenta Selfie e o posterior Dafo no que se organiza a información anterior a redor de fortalezas e debilidades, ameazas e oportunidades.

Outro elemento importante que se ten conta a hora de formular os obxectivos do Plan dixital son os recursos reais dos que dispón actualmente o centro, tanto tecnolóxicos como humanos, buscando sempre a mellora da competencia dixital a todos os niveis.

Os obxectivos son:

1. Na área A de liderado/pedagogía F: Crear un repositorio coas ferramentas dixitais básicas utilizadas no centro.

O centro dispón da plataforma institucional Educamos que ofrece o paquete office 365 con correo outlook, aplicación Teams, Onenote e outras aplicacións.

Con esta iniciativa pretendemos estender a toda a comunidade educativa o uso destas aplicacións e optimizar as prestacións sacando cada vez un maior rendemento delas.

2. Área DPC: Establecer unha liña de formación para mellorar a competencia dixital.

No centro o nivel de competencia dixital do persoal é diverso e tamén a actitude de cara ao uso das tecnoloxías. É necesario capacitar ao persoal e formalo como motor de cambio fundamental para a transformación dixital do centro.

Un aspecto importante a traballar co alumnado é formalo no uso seguro da rede e

3. Área de recursos E: Elaborar un banco de recursos educativos propios en Teams para consulta e utilización de todo o Claustro.

Con este obxectivo preténdese converter a aplicación Teams nun espazo ou aula virtual no que poden gardar e consultar os recursos dos seminarios e equipos.

4. Área de Avaliación: Avaliar o alumnado con ferramentas dixitais.

O plan de Continxencia e a situación de confinamento aceleraron o uso do ensino online, e os profesores fixeron un esforzo grande para adquirir destrezas dixitais que permitiran a nova modalidade de ensino. Pola contra, a parta da avaliación no se explorou suficientemente e é un campo a traballar, en especial cos alumnos de secundaria.

Pretendemos con isto facer máis partícipe ao alumno do proceso avaliativo, empregando Forms, o espazo Onenote, etc. Tamén, mellorar a súa competencia dixital a través de proxectos interdisciplinares cuxa metodoloxía implica o uso de tecnoloxías.

Área de infraestrutura: Manter, actualizar e ampliar os recursos tecnolóxicos do centro.

Somos conscientes de que o desenvolvemento e éxito do plan dixital depende en

gran parte da infraestrutura e equipamento.

Algún equipos necesitan actualizacións.

Hai encerados dixitais que necesitan ser calibrados e algúns canóns que piden un cambio de luz.

Protocolarizar o procedemento de uso seguro da tecnoloxía e coidado dos dispositivos escolares para toda a comunidade educativa.

5. Área de imaxe: Mellorar a comunicación coa familias e entorno e difundir unha imaxe actualizada do centro empregando as canles tecnolóxicas.

As comunicación coas familias xa se están a facer vía Educamos na maioría dos casos. Pero quedan algunhas autorizacións por dixitalizar.

Actualizar con regularidade a páxina web.

### **3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

Algúns equipos estanse quedando anticuados para novas aplicacións e libros dixitais.

Necesítanse máis portátiles para poder facer proxectos innovadores cos alumnos aínda que sexa puntualmente.

E aconsellable cambiar o switch central para un lugar máis amplo e aireado.

Revisar os puntos wifi e instalar repetidores para mellorar a conexión

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

| <b>“Área/s de mellora”: LIDERADO – Potenciar a adopción do uso da tecnoloxía na docencia.</b>    |  |                              |                                |                                 |                    |  |
|--|--|------------------------------|--------------------------------|---------------------------------|--------------------|--|
| <b>1. OBXECTIVO:</b>   | Crear un repositorio coas ferramentas dixitais básicas utilizadas no centro.                           |                              |                                |                                 | <b>Acadado</b>     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>  | Equipo Plan Dixital  |                              |                                |                                 | <b>Non acadado</b> |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>   | Número de profesores que usan as ferramentas corporativas básicas (Educamos, Teams, Outlook, OneNote). |                              |                                |                                 |                    |  |
| <b>Valor de partida (3)</b>  | 20% do profesorado emprega e sabe as posibilidades que oferta cada una das ferramentas                 |                              |                                |                                 |                    |  |
| <b>Valor previsto e data (4)</b>   | 80% do profesorado emprega e sabe as posibilidades que oferta cada unha                                |                              |                                | 3ª quincena                     |                    |  |
| <b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>  |  |                              |                                |                                 |                    |  |
| <b>DESCRICIÓN (5)</b>  | <b>RESPONSABLES (6)</b>  | <b>DATA PREVISTA FIN (7)</b> | <b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b> | <b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>    |                    |  |
|  |  |                              |                                | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b> | <b>ESTADO (10)</b> |  |
| <b>A01.1:</b> Establecer que ferramentas se consideran básicas e as súas principais utilidades.  | Equipo TIC   | 2ª quincena de setembro      | Colaboración equipo TIC        |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |  |                              |                                |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |  |                              |                                |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A01.2</b> Elaborar un plan de mínimas actuacións para a utilización das plataformas.          | Coordinador TIC  | 1ª quincena                  | Plan                           |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |  |                              |                                |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |  |                              |                                |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A01.3:</b> Crear os equipos de clase, a partir de lista de distribución, para traballar na AV | Secretaria/profesores  | 1ª quincena                  | Listados                       |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |  |                              |                                |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |  |                              |                                |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A01.4:</b> Utilización da AV para comunicación e utilización de material dos alumnos.         | Profesores   | Xuño                         | Dispositivos                   |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |  |                              |                                |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |  |                              |                                |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A01.5:</b> Información as familias ao inicio de curso   | Equipo Directivo   | setembro                     | Circular da Convocatoria       |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |  |                              |                                |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |  |                              |                                |                                 | <b>Pendente</b>    |  |

| <b>“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo.</b>  |   |                              |                                 |                                 |                    |  |
|--|---|------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|--------------------|--|
| <b>2. OBXECTIVO:</b>   | Establecer unha liña de formación para mellorar a competencia dixital dos docentes e dos alumnos. Axudar aos alumnos a facer un uso responsable e seguro da tecnoloxía. |                              |                                 |                                 | <b>Acadado</b>     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>  | Dirección / Xefatura de Estudos.  |                              |                                 |                                 | <b>Non acadado</b> |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>   | Na de profesores que participan na formación<br>Nº alumnos que reciben a formación  |                              |                                 |                                 |                    |  |
| <b>Valor de partida (3)</b>  | 0 20 % de profesorado esta formado  |                              |                                 |                                 |                    |  |
| <b>Valor previsto e data (4)</b>   | 0 80 % de profesorado recibe a formación  |                              |                                 | Final do curso 2022/23          |                    |  |
| <b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>   |   |                              |                                 |                                 |                    |  |
| <b>DESCRICIÓN (5)</b>  | <b>RESPONSABLES (6)</b>   | <b>DATA PREVISTA FIN (7)</b> | <b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>  | <b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>    |                    |  |
|  |   |                              |                                 | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b> | <b>ESTADO (10)</b> |  |
| <b>A02.1:</b> Formación Teams y Block de notas   | Equipo TIC/ PD  | 1ª semana de setembro        | Ordenadores<br>Pizarra          |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |   |                              |                                 |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |   |                              |                                 |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A02.2:</b> Intercambio de experiencias dixitais entre profesores.   | Claustro  | Xuño 2023                    | Recursos humanos                |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |   |                              |                                 |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |   |                              |                                 |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A02.3:</b> Formación do profesorado para a creación de recursos dixitais e de avaliación                  | Equipo Directivo  | Xuño 2023                    | Formador                        |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |   |                              |                                 |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |   |                              |                                 |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A02.4:</b> Formación en ofimática para mellorar a competencia dixital e facilitar o traballo.             | Equipo Directivo  | Xuño 2023                    | Formador, ordenadores           |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |   |                              |                                 |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |   |                              |                                 |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
